

Granada baixo o mar.

O mar granadino comeza a máis de tres mil metros de altitude, en Serra Nevada, e pasa entre pinsapos, sabinas, e enebros.

Logo, o sol e a gravidade van achegando a neve á costa. Ao seu paso por fragas e matogueiras, a auga vai enriquecéndose. Pero o medio mariño dista moito das augas continentais.

Os animais mariños desenvolveron ao longo da evolución formas e estratexias adaptadas ás características físicas dese medio.

Grazas ao aparato ambulacral, as estrelas deambulan moi apresa sobre os fondos areosos, na procura de presas.

Pola súa banda, o cerianto contrarresta a súa inmovilidade cos seus longos tentáculos, que, coas puntas tapizadas de células urticantes, son armas eficaces para cazar os pequenos organismos arrastrados polas correntes creadas cos propios tentáculos.

O peixe lúa semella sempre torpe. Certamente, é pouco esbelto, e a súa enorme masa corporal faino parecer un voraz devorador de grandes animais. Sen embargo, a maior parte da súa dieta consiste en medusas; iso sí, milleiros e milleiros de xelatinosas medusas.

A sensación de deformidade do seu corpo está provocada pola ausencia de aleta caudal. No seu lugar, ten unha estrutura chamada clavus, formada pola prolongación dos radios das aletas anal e caudal, que se sitúan na parte posterior do corpo, moi altas e encaradas.

A langosta semella sempre a correr, pero, en realidade, pasa moito tempo á espera da noite, o momento que lle resulta máis propicio para cazar. Este si que é un depredador voraz, sobre todo de poliquetos, crustáceos e moluscos bivalvos, as cunchas dos cais é quen de romper malia a súa aparencia fráxil e non ter unhas pinzas potentes como outros decápodos.

O choco macho tivo que se impoñer a uns cantos conxéneres para se aparear con esta femia.

Namentres engarzan os brazos, o ventre tórñase rosado e o seu dorso aseméllase á librea dunha cebra.

Durante algunhas semáns, este ritual repetírase unha e outra vez. Despois, morrerán. A ollos humanos semella un final trágico, pero o certo é que non é máis que a eficaz estratexia de supervivencia dunha especie.

A dos pólipos do coral é outra; sutil e complexa; tanto como fráxil e vulnerable é o equilibrio destas comunidades coralinas.

Non menos delicadas son as gorgonias, que no mar de Granada compoñen bosques minerais policromos; lonxanos espellos dos bosques verdes sobre fondo branco de Serra Nevada, alí onde a auga comeza o percorrido que endexamáis acaba.